



Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Sociology of Education		Code	652G03028	
Study programme	Grao en Educación Social				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Third	Optional	6	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinador	Vázquez Chas, Loreto	E-mail	loreto.vazquez@udc.es		
Lecturers	Varela Fernández, Paula Vázquez Chas, Loreto	E-mail	p.varelaf@udc.es loreto.vazquez@udc.es		
Web	www.udc.gal				
General description	<p>Nesta materia trátase de concebir a educación como un sistema en si mesmo, coas súas correspondentes partes, elementos, funcións, organización e institucionalización, e que á súa vez forma parte do sistema social en xeral. Con este curso o que se pretende é que o alumnado acaden un grao de coñecemento e tamén concienciación e interiorización do proceso conformador da educación como fenómeno sociolóxico, co seu correspondente espazo, papel e funcións nas nosas sociedades. Tamén se trata dunha formación que persegue dotar de habilidades teórico-prácticas ao seu alumnado sobre un ámbito tan importante como a educación, para que a integren tanto a nivel persoal como profesional.</p>				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A4	Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Coñecemento do sistema educativo dentro do sistema social	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A14 A20	B5	C6 C7 C8
Coñecemento e comprensión das funcións sociais da educación.	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A14 A20	B1 B3 B4	C6 C8
Aplicación dos coñecementos manexados á realidade social nas súas diferentes manifestacións, para acadar a perspectiva da mesma desde o ámbito da educación.	A1 A2 A5 A13 A14	B1 B5 B6	C4 C6
Adquisición de ferramentas teóricas e metodolóxicas para a análise da realidade social do sistema educativo	A1 A2 A5 A13 A14	B1 B5 B6	C1 C4 C6 C7
Avaliación do sistema educativo, así como das súas implicacións tanto a nivel social como persoal	A1 A2 A3 A5 A6 A14	B1 B4 B5 B6	C4 C6 C7

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Introducción á Socioloxía da Educación	1.1. Definición e obxectivos 1.2. Historia 1.3. As institucións sociais
2. Teorías clásicas, neoclásicas e contemporáneas sobre Socioloxía da Educación	2.1. Os clásicos: Durkheim, Marx, Weber 2.2. Os neoclásicos: Veblen, Gramsci, Manheim, Parsons 2.3. Os contemporáneos: O funcionalismo, o estruturalismo marxista, Nova Socioloxía da Educación
3. Desigualdade, estratificación e reprodución social	3.1. A clase social na aula 3.2. A etnia na aula 3.3. O xénero na aula



4. A vida na aula. A educación como institución social	4.1. Socioloxía do currículo e da organización escolar 4.2. O profesorado como categoría social e axente educativo 4.3. A construción social do alumnado 4.4. Participación das familias e da comunidade
5. A aula na vida. Estado, mercado e sistema educativo	5.1. Políticas educativas 5.2. Vinculación entre educación e emprego 5.3. Educación na globalización

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A2 A3 A4 A5 A8 A20 B3 B4 C6 C7 C8	24	27	51
Supervised projects	A2 A3 A5 A6 A13 A14 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7	12	34	46
Workbook	A1 A2 A8 B1 B5 C4 C6	4	30	34
Oral presentation	A2 A5 B1 B5 B6 C1 C4 C6 C7	2	15	17
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	<p>É o método tradicional da docencia no que tanto a iniciativa como o peso principal da actividade recaen sobre o profesor. Expón un perigo importante de provocar actitudes pasivas por parte do alumnado e limitar así a súa capacidade de aprendizaxe. Con todo, unha clase maxistral ben preparada, densa nos contidos e amena na forma, será sempre un instrumento interesante na educación.</p> <p>Ademais, a clase expositiva, a lección maxistral, non debe ir soa na formulación dunha materia como esta. É necesario complementar este método pedagóxico máis tradicional coa introdución doutras actividades e métodos que permitan un rol máis activo do estudiantado.</p> <p>Neste tipo de aulas intentarase promover a participación que nos permita un mínimo feed-back do nivel de comprensión e de asimilación en cada tema e desenvolver en cada sesión auténticos debates sobre temas actuais e concretos relacionados coas cuestións teóricas tratadas.</p> <p>A participación do alumnado neste tipo de aulas é moi imporante e moi valorado.</p> <p>Con estes requisitos, a clase expositiva, mesmo cun número amplo de estudantes (a asistencia voluntaria sempre limita o número real), pode conseguir, en primeiro lugar, unha transmisión adecuada de coñecementos, preferentemente daqueles que poidan ser máis difíciles de acceder ou de assimilar. En segundo lugar, debe converterse no espazo da síntese, da crítica, da interrelación de ideas e da profundización de coñecementos. En terceiro lugar, na clase deben achegarse orientacións claras para a aplicabilidade dos coñecementos transmitidos e exemplos concretos da práctica social dos mesmos.</p> <p>Ante unha posible situación de excepcionalidade, e nun escenario de non presencialidade, a sesión maxistral convertiríase nunha clase asíncrona gravada en Teams.</p>



Supervised projects	<p>Hai dous tipos de traballos tutelados, as prácticas realizadas en clase (de forma individual ou grupal) e un traballo de maior extensión, grupal, sobre un tema sociolóxico (e a súa exposición oral).</p> <p>O traballo grupal está exposto como un traballo de desenvolvemento sobre algún dos temas da materia. Este traballo é a ocasión para relacionar os coñecementos teóricos adquiridos, os argumentos dos manuais e os textos de referencia, cos casos prácticos e co coñecemento das fontes de información relacionadas coa materia. Por iso, os temas do traballo debes escollelos vós mesmos e deben estar relacionados preferiblemente con algún tema visto na materia e enfocado desde unha perspectiva sociolóxica.</p> <p>Debe presentarse nun formato científico, tanto no que se refire a forma e tamaño, como en canto á estrutura do texto, a presentación, referencias bibliográficas, etc.</p> <p>Este tipo de traballo inclúe a asistencia a unha tutoría obrigatoria.</p> <p>En caso de non presencialidade, os traballos tutelados realizaríanse do mesmo xeito, realizando titorías telemáticas vía Teams ou correo electrónico.</p>
Workbook	<p>Nalgúns temas do programa existe un número determinado de lecturas obrigatorias que permiten a adecuada comprensión da materia. Evitan ademais a copia automática de apuntamentos durante as clases maxistras, motivando entre o alumnado a atención durante as explicacións. Son unha guía dos contidos da materia.</p> <p>Ademais, nalgunhas sesións prácticas utilizaranse para dinamizar debates e para saber interpretar resultados cuantitativos e cualitativos.</p> <p>As lecturas e demais materiais estarán sempre dispoñibles en moodle, de xeito que ante unha situación de docencia non presencial, o alumnado poderá seguir desenvolvendo esta metodoloxía dun xeito autónomo.</p>
Oral presentation	<p>O traballo grupal sobre un tema sociolóxico será exposto en clase (tamén de forma grupal) a final de curso.</p> <p>Ante unha situación de excepcionalidade, a presentación oral podería mudar nunha exposición en Teams síncrona ou asíncrona ou, de non ser o caso, ser completada a súa avaliación co informe escrito.</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech Supervised projects Oral presentation	<p>A atención personalizada desta asignatura desenvolverase de forma presencial e non presencial. Para a comprensión das lecturas e para a realización dos traballos tutelados contaredes coa miña presenza no aula durante as sesións en grupos reducidos e, ademais, poderedes programar as tutorías presenciales que consideredes necesarias no horario que comunicarei ao comezo de curso. Hai unha tutoría presencial obrigatoria para preparar o traballo grupal. Tamén estarei dispoñible de forma non presencial preferiblemente a través do correo electrónico (e tamén a través da plataforma Moodle).</p> <p>O alumnado que se acolla ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (quenes non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto co profesor ao comezo do curso e terán que asistir a unha titoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (30% da nota), un traballo sobre unha película (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a película) como o exame.</p>

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification



Supervised projects	A2 A3 A5 A6 A13 A14 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7	Considérase traballos tutelados tanto as prácticas realizadas en clase como o traballo en grupo sobre un tema da materia que deberá ser analizado desde unha perspectiva sociolóxica. O 60% da nota depende das prácticas de clase, asistencia e participación e, o 30%, do traballo grupal obrigatorio. En todos estes traballos valorarase: -A comprensión e manexo dos conceptos, textos e a teoría sociolóxica. -O uso de fontes e de ferramentas apropiadas para a investigación social. -O pensamento crítico, reflexivo e relacional. -A orixinalidade. -A correcta expresión escrita. -A capacidade de traballo en grupo (cando sexa o caso).	90
Oral presentation	A2 A5 B1 B5 B6 C1 C4 C6 C7	A presentación oral sobre o traballo grupal é obrigatoria. Nela valorarase: -O dominio e comprensión do tema. -A capacidade de síntese. -A correcta expresión oral. -A creatividade. -O traballo en grupo.	10

Assessment comments

Avaliación continua.

O 60% da nota depende das prácticas de clase, a asistencia e a participación e, o 30%, do traballo grupal obrigatorio. A presentación oral sobre o traballo grupal obrigatoria valerá o restante 10% da nota.

Avaliación non continua. O alumnado que se acolla ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (quenes non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán porse en contacto co profesor ao comezo do curso e terán que asistir a unha titoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (30% da nota), un traballo sobre unha película (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a película) como o exame.

Segunda oportunidade.

Para aprobar a materia en segunda oportunidade será necesario aprobar un exame (de preguntas breves e de desenvolvemento e cunha parte práctica) que valerá o 100% da nota e que terá lugar na data oficial estipulada pola UDC.

Sources of information



Basic	<ul style="list-style-type: none"> - Álvarez-Uría, F. (2006). Sociología y educación: textos e intervenciones de los sociólogos clásicos. Madrid: Morata - Amorós, C. (1991). Hacia una crítica de la razón patriarcal . Madrid: Anthropos - Bonal, X. (1998). Sociología de la educación : una aproximación crítica las corrientes contemporáneas. Barcelona: Paidós - Bourdieu, P., y Passeron, J.C. (1969). Los estudiantes y la cultura. Barcelona: Labor - Chomsky, N. (2014). La (des)educación. Barcelona: Crítica - Durkheim, E. (1992). Historia de la educación y de las doctrinas pedagógicas: la evolución pedagógica en Francia . Madrid: La Piqueta - Durkheim, E. (2009). Educación y Sociología. Madrid : Editorial Popular - Fernández Enguita, M. (2004). La escuela a examen un análisis sociológico para educadores y otras personas interesadas. Madrid: Pirámide - Guerrero Serón, A. (2011). Enseñanza y sociedad. El conocimiento sociológico de la educación. Madrid: Siglo XXI - Rodríguez Caamaño, M.J. (Coord.) (2001). Temas de Sociología. Madrid: Huerga y Fierro - Veblen, T. (2014). Teoría de la clase ociosa. Madrid: Alianza Editorial - Willis, P. (1988). Aprendiendo a trabajar. Torrejón de Ardoz: Akal
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

History of Education/652G03011
 Multicultural Education/652G03013
 Educational Anthropology/652G03029

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Theory of Education/652G03001
 Social Pedagogy/652G03006
 Evaluation and Diagnosis in Socio-Educational Needs/652G03039

Subjects that continue the syllabus

Design and Development of the Socio-Educational Action/652G03002
 Animation and Sociocultural Management/652G03017
 Communication and Cooperation in Socio-Educational Action/652G03020

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.